

Artigo 14. Consorcio de Compensación de Seguros.

1. Sen prexuízo do establecido sobre determinación e avaliación xeral das necesidades que hai que atender, os Delegados e Subdelegados do Goberno poderán solicitar do Consorcio de Compensación de Seguros, para unha máis correcta avaliación dos danos, as correspondentes valoracións destes, sempre que non afecten a bens de titularidade estatal.

2. Os gastos xerados polas valoracións ás que se refire a alínea anterior atenderanse con cargo ós créditos extraordinarios establecidos no artigo 10 do presente Real Decreto-lei e, para eses efectos, o Ministerio de Economía e Facenda autorizará as correspondentes transferencias de crédito.

Disposición adicional primeira. Competencias das Comunidades Autónomas.

O establecido no presente Real Decreto-lei enténdese sen prexuízo das competencias que lles corresponden ás Comunidades Autónomas, ó abeiro dos seus estatutos de autonomía.

Disposición adicional segunda. Límites das axudas.

O valor das axudas concedidas en aplicación do presente Real Decreto-lei, no que a danos materiais se refire, non poderá superar en ningún caso a diferenza entre o valor do dano producido e o importe doutras axudas ou indemnizacións declaradas compatibles ou complementarias que, polos mesmos conceptos, puidesen ser concedidas por outros organismos públicos, nacionais ou internacionais, ou correspondesen en virtude da existencia de pólizas de aseguramento.

Disposición adicional terceira. Axudas excepcionais.

1. Para a valoración dos danos en vivendas e utensilios nos termos municipais de Écija e Camas (Sevilla) creárase unha Comisión técnica mixta, integrada por un representante da Administración xeral do Estado e outro por cada unha das demais Administracións Públicas afectadas que desexen incorporarse a ela.

2. A comisión técnica mixta realizará unha valoración individualizada dos danos sufridos polos particulares en vivendas e utensilios e determinará a axuda que hai que conceder cun límite máximo de 4.000.000 de pesetas.

3. O financiamento específico destas axudas efectuarase nun 50 por 100 pola Administración xeral do Estado con cargo ó crédito establecido na alínea 1 do artigo 10 do presente Real Decreto-lei, e o resto, polas outras Administracións territoriais intervenientes na citada Comisión mixta, segundo os acordos que elas acaden.

4. A Administración Xeral do Estado fará efectiva a parte que lle corresponda das axudas cando exista constancia do compromiso de pagamento por parte das restantes Administracións públicas integrantes da Comisión técnica mixta.

5. A percepción das axudas sometidas ó réxime excepcional previsto nas alíneas anteriores desta disposición adicional será incompatible coa das establecidas na Orde ministerial do 18 de maio de 1993, modificado parcialmente pola do 30 de xullo de 1996.

Disposición derradeira primeira. Facultades de desenvolvemento.

O Goberno e os distintos titulares dos departamentos ministeriais, no ámbito das súas competencias, dictarán as disposicións necesarias e establecerán os prazos para a execución do establecido no presente Real Decreto-lei.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

O presente real decreto-lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 17 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9477 LEI 9/1998, do 21 de abril, pola que se modifica a Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido. («BOE» 96, de 22-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os criterios de localización dos servizos de telecomunicación establecidos nas normas comunitarias dadas para a harmonización do imposto sobre o valor engadido, que levan a súa tributación ó país onde radica a sede ou establecemento permanente de quen os presta, unido ós modernos avances da tecnoloxía, que permiten prestar tales servizos con toda facilidade desde calquera lugar do mundo para calquera destino, están a producir unha progresiva diminución da recadación na Comunidade Europea, ó trasladada-la súa tributación cara a países terceiros con fiscalidade máis reducida e discriminan ás empresas comunitarias fronte ás situadas fóra da Comunidade, que poden prestar estes servizos en mellores condicións económicas. Esta situación agrávase especialmente cando o destinatario non ten a condición de empresario ou profesional ou é unha empresa que non pode deducir-lo imposto soportado nas súas adquisicións.

Para evitar estas consecuencias, o Consello da Comunidade Europea adoptou unha decisión, con data do 17 de marzo de 1997, pola que se autoriza ós estados membros a aplicar unha excepción ó disposto no artigo 9 da sexta Directiva en materia do imposto sobre o valor engadido (77/388/CE), do 17 de maio, para que os servizos de telecomunicación se poidan localizar onde radique a sede ou o establecemento do destinatario, debendo nestes casos aplicar tamén as excepcións contidas na letra b) do número 3 do citado artigo, co obxecto de evitar distorsións de competencia.

Esta decisión precede á aprobación dunha directiva xa en estudio, cun longo e complexo proceso de adopción que non podía dificultala necesaria e urxente incorporación destas medidas.

A decisión do Consello da Comunidade non obriga ós estados membros a adoptala, senón que só os faculta para iso, pero tódolos estados membros se comprometeron a incorporala ás súas lexislacións nacionais como única solución para que non se produzan no ámbito comunitario situacións de dobre tributación ou de non-imposición polo consumo dos mencionados servizos.

En cumprimento de tal decisión, cómpre modifica-lo artigo 70 da Lei do imposto sobre o valor engadido para incorporar-las novos criterios de localización dos servizos de telecomunicación, que tributarán no sucesivo no lugar onde radique a sede ou o establecemento permanente do destinatario, agás que non teña a condición de empre-

sario ou profesional e resida nun Estado membro, caso este no que se aplicará o criterio da sede do prestador. De acordo coa decisión do Consello aplícanse tamén as disposicións do artigo 9.3, b), da sexta Directiva para vincular a tributación de determinados servizos dos indicados ó lugar da súa efectiva utilización.

A disposición adicional décimo novena da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, esíxelle ó Goberno que instrumente as medidas que lles possibiliten ós axentes de alfándegas recuperar o imposto sobre o valor engadido satisfeito por conta dos importadores, sen obter destes o reembolso dese imposto.

En cumprimento desta esixencia, incorpórase á normativa do imposto sobre o valor engadido, mediante a presente disposición, un procedemento especial que lles permitirá ós axentes de alfándegas recuperar o imposto, cumprindo previamente certos requisitos que garantan os intereses da Facenda Pública.

A conveniencia de suprimir calquera diferenza ou discriminación entre as distintas clases de transporte de viaxeiros e, en especial, segundo as observacións indicadas pola Comisión da Unión Europea, entre os transportes de igual natureza, determinou a necesidade de cumprir canto antes as previsións contidas na disposición transitoria décimo primeira da Lei do imposto, derogando esta disposición para que, a partir da data de entrada en vigor do Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto, tódolos transportes de viaxeiros, sexan terrestres, marítimos ou aéreos, tributen ó mesmo tipo impositivo, o reducido do 7 por 100. Esta medida, ademais, impulsará necesariamente a rebaixa do prezo de utilización das autoestradas, co conseguinte efecto económico favorable para o desenvolvemento da nosa economía.

No campo dos transportes de viaxeiros enmárcase tamén o contido da disposición adicional vixésima da citada Lei 13/1996, do 30 de decembro, que lle impón ó Goberno a obriga de adoptar, antes do 1 de setembro de 1997, as medidas necesarias para que o prezo final para o usuario de autoestradas de peaxe se reduza arredor do 7,7 por 100, adoptando, para estes efectos, unha das dúas medidas seguintes: aplica-lo tipo reducido do imposto sobre o valor engadido do 7 por 100 á peaxe das autoestradas ou compensa-las sociedades concesionarias de autoestradas do desequilibrio financeiro que lles puidera supo-la redución da peaxe, mediante o outorgamento de subvencións que se aboarán por exercicios vencidos.

As dificultades que implica a concesión de subvencións aconsellan recorrer á redución do tipo impositivo, que é unha opción de máis fácil e inmediata aplicación e que resulta acorde coa normativa comunitaria, porque na categoría dos "transportes de viaxeiros e as súas equipaxes" do anexo H da sexta Directiva, que comprende as operacións que poden beneficiarse de tipos reducidos no imposto sobre o valor engadido, debe entenderse comprendido o desprazamento dos viaxeiros e a utilización da rede viaria para os ditos desprazamentos.

Tamén é necesario e urxente modifica-la definición e as normas de liquidación de determinadas operacións de abandono do réxime de depósito distinto dos alfandegarios, para facilita-la aplicación do imposto e reducir custos financeiros nas actividades dos operadores económicos.

A vixente Lei do imposto sobre o valor engadido define como operacións asimiladas ás importacións aquelas polas que se produce a ultimación ou o abandono dos réximes alfandegarios ou fiscais, creándose así o feito imponible que permite a esixencia do imposto para o que estaba suspendido o ingreso mentres os bens permanecían ó abeiro dos mencionados réximes e facilita á Administración tributaria o exercicio dun control máis eficaz e directo das ditas operacións.

Sen embargo, a necesidade de favorecer-lo asentamento de operadores estranxeiros que negocian con materias primas que cotizan nas bolsas estranxeiras e que as introducen no noso país ó abeiro dos réximes suspensivos, obriga a buscar outras solucións que, sen menoscabo dos intereses do Tesouro, eviten os custos financeiros que terminarían por expulsar a eses operadores do noso territorio e danarían a economía nacional.

Este é o obxectivo da modificación do artigo 19.5 da Lei do imposto sobre o valor engadido, para excluír determinadas operacións do concepto de operacións asimiladas ás importacións, e da modificación do punto quinto do seu anexo, que establece novas fórmulas para liquida-lo imposto correspondente ás mencionadas operacións, máis próximas ás utilizadas en casos similares noutros Estados membros da Comunidade Europea.

As operacións descritas véñense desenvolvendo desde hai algún tempo no noso país e é preciso solucionar inmediatamente os problemas que se derivan da aplicación da normativa vixente.

Artigo único.

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Un. Modifícase o número 5.º do artigo 19 da Lei do imposto sobre o valor engadido, para engadir un segundo parágrafo, redactado da forma seguinte:

«Por excepción ó establecido no parágrafo anterior, non constituirá operación asimilada ás importacións as saídas das áreas a que se refire o artigo 23 nin o abandono dos réximes comprendidos no artigo 24 desta lei dos seguintes bens: estaño (código NC 8001), cobre (códigos NC 7402, 7403, 7405 e 7408), cinc (código NC 7901), níquel (código NC 7502), aluminio (código NC 7601), chumbo (código NC 7801), indio (códigos NC ex 811291 e ex 811299), prata (código NC 7106) e platino, paladio e rodio (códigos NC 71101100, 71102100 e 71103100). Nestes casos, a saída das áreas ou o abandono dos réximes mencionados dará lugar á liquidación do imposto nos termos establecidos no apartado sexto do anexo desta lei.»

Dous. Derrógase o apartado dezaseis do artigo 22. Tres. Modifícase o número 6.º do apartado un do artigo 70, que queda redactado da seguinte forma:

«6.º Os servizos de mediación en nome e por conta de terceiros, en operacións distintas das comprendidas nos números 1.º, 5.º e 8.º deste apartado e nos artigos 72 e 73 desta lei, cando:

a) As mencionadas operacións se realicen no referido territorio de aplicación do imposto, salvo se o destinatario do servizo de mediación lle comunicou ó prestador do servizo un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido atribuído por outro Estado membro.

b) As operacións se realizasen materialmente noutro Estado membro, pero o destinatario do servizo de mediación lle comunicase ó prestador del un número de identificación para efectos do imposto sobre o valor engadido atribuído pola Administración española.»

Catro. Engádese un número 8.º ó apartado un do artigo 70, que queda redactado da seguinte forma:

«8.º Os servizos de telecomunicación nos seguintes casos:

a) Cando o destinatario sexa un empresario ou profesional e a sede da súa actividade económica

radique no territorio de aplicación do imposto ou teña nel un establecemento permanente ou, no seu defecto, o lugar do seu domicilio, calquera que sexa o lugar onde estea establecido o prestador do servizo.

b) Cando os servizos sexan prestados por un empresario ou profesional con sede ou establecemento permanente no territorio de aplicación do imposto e o destinatario non teña a condición de empresario ou profesional e estea domiciliado no interior da Comunidade, Canarias, Ceuta e Melilla, así como cando non resulte posible determinalo seu domicilio. Para efectos do previsto no parágrafo anterior, entenderase por domicilio non só o habitual, senón tamén as segundas residencias ou de temporada.

c) Cando os servizos sexan prestados por un empresario ou profesional establecido fóra da Comunidade e o destinatario sexa alguén que non teña a condición de empresario ou profesional e utilice materialmente os servizos no territorio de aplicación do imposto. Presumirase a utilización material do servizo de telecomunicación no territorio de aplicación do imposto cando o seu destinatario teña domicilio habitual nel ou efectúe o pagamento con cargo a contas abertas en establecementos no dito territorio de entidades de crédito.

d) Cando os servizos sexan prestados por un empresario ou profesional establecidos na Comunidade Europea a destinatarios que non teñan a condición de empresarios ou profesionais, que teñan o seu domicilio habitual fóra da dita comunidade e utilicen materialmente os servizos no territorio de aplicación do imposto.

Presumirase a utilización material do servizo de telecomunicación no territorio de aplicación do imposto cando o seu destinatario teña residencia secundaria nel ou efectúe o pagamento con cargo a contas abertas en establecementos no dito territorio de entidades de crédito.

O disposto neste número 8.º tamén será de aplicación ós servizos de mediación, prestados en nome e por conta allea, nos servizos de telecomunicación a que se refire este. Para efectos desta lei, consideraranse servizos de telecomunicación os que teñan por obxecto a transmisión, emisión e recepción de sinais, textos, imaxes e sons ou información de calquera natureza, por fío, radio, medios ópticos ou outros medios electromagnéticos, incluíndo a cesión ou concesión dun dereito ó uso de medios para tal transmisión, emisión ou recepción e, igualmente, a provisión de acceso a redes informáticas.

Non obstante o disposto neste número 8.º, non se entenderán realizados no ámbito territorial de aplicación do imposto os servizos de telecomunicación que se utilicen materialmente a bordo de buques afectos á navegación marítima internacional ou en aeronaves utilizadas exclusivamente por compañías que se dediquen esencialmente á navegación aérea internacional, incluso durante a súa navegación polo ámbito territorial do imposto.»

Cinco. Modifícase o apartado un do artigo 87, que queda redactado da seguinte forma:

«Un. Responderán solidariamente da débeda tributaria correspondente:

1.º Os destinatarios das operacións suxeitas a gravame que, mediante as súas declaracións ou manifestacións inexactas, se beneficiasen indebidamente de exencións, supostos de non suxeición

ou da aplicación de tipos impositivos menores dos que resulten procedentes de acordo co dereito.

2.º Os destinatarios dos servizos de telecomunicación que admitisen as facturas ou documentos substitutivos relativos a eles cando non apareza neles repercutido o imposto na forma establecida regulamentariamente e sempre que o prestador no estea establecido na Comunidade Europea.»

Seis. Modifícase o número 1.º do apartado un. 2 do artigo 91, que queda redactado da seguinte forma:

«1.º Os transportes de viaxeiros e as súas equipaxes. Para estes efectos, asimílanse ás ditas operacións os servizos de utilización das autoestradas e demais instalacións viarias en réxime de concesión, para o desprazamento de persoas e as súas equipaxes en motocicletas ou vehículos de turismo.

Entenderanse por vehículos de turismo, tódolos vehículos lixeiros de dous eixes e catro rodas que non transporten mercadorías.»

Sete. O apartado quinto do anexo queda redactado da seguinte forma:

«Quinto. Réxime de depósito distinto dos alfandegarios:

Definición do réxime:

a) En relación cos bens obxecto de impostos especiais, o réxime de depósito distinto dos alfandegarios será o réxime suspensivo aplicable nos supostos de fabricación, transformación ou tenza de produtos obxecto dos impostos especiais de fabricación en fábricas ou depósitos fiscais, de circulación dos referidos produtos entre os ditos establecementos e de importación deles con destino a fábrica ou depósito fiscal.

b) En relación cos demais bens, o réxime de depósito distinto dos alfandegarios será o réxime suspensivo aplicable ós bens excluídos do réxime de depósito alfandegario por razón da súa orixe ou procedencia, con suxeición, no demais, ás mesmas normas que regulan o mencionado réxime alfandegario.

Tamén se incluírán neste réxime os bens que se negocien en mercados oficiais de futuros e opcións baseados en activos non financeiros, mentres os referidos bens no se poñan á disposición do adquirente.

O réxime de depósito distinto dos alfandegarios a que se refire esta letra b) non será aplicable ós bens destinados á súa entrega a persoas que non actúen como empresarios ou profesionais, con excepción das entregas efectuadas nas tendas libres de impostos a que se refire o artigo 25, apartado catro, desta lei.»

Oito. O apartado sexto do anexo da Lei do imposto sobre o valor engadido pasa a se-lo apartado oitavo do mesmo anexo, e o novo apartado sexto queda redactado da seguinte forma:

«Sexto. Liquidación do imposto nos casos comprendidos no artigo 19, número 5.º, parágrafo segundo, desta lei.

A liquidación do imposto nos casos comprendidos no artigo 19, número 5.º, parágrafo segundo desta lei axustarase ás seguintes normas:

1.º Cando os bens saian das áreas ou abandonen os réximes comprendidos nos artigos 23 e 24 producirase a obriga de liquidar o imposto correspondente ás operacións que se beneficiasen

previamente da exención pola súa entrada nas áreas ou vinculacións ós réximes indicados, de acordo coas seguintes regras:

a) Se os bens foron obxecto dunha ou varias entregas exentas previas, o imposto que haberá que ingresar será o que correspondería á última entrega exenta efectuada.

b) Se os bens foron obxecto dunha adquisición intracomunitaria exenta por se teren introducido nas áreas ou vinculado ós réximes indicados e non foron obxecto dunha posterior entrega exenta, o imposto que se ingresará será o que correspondería a aquela operación de non terse beneficiado da exención.

c) Se os bens foron obxecto de operacións exentas realizadas con posterioridade ás indicadas nas letras a) ou b) anteriores ou non se realizaron estas últimas operacións, o imposto que haberá que ingresar será o que, se é o caso, resulte do disposto nas ditas letras, incrementado no que correspondería ás citadas operacións posteriores exentas.

d) Se os bens foron obxecto dunha importación exenta por se vincularen ó réxime de depósito distinto dos alfandegarios e foron obxecto de operacións exentas realizadas con posterioridade á dita importación, o imposto que haberá que ingresar será o que correspondería á citada importación de non se ter beneficiado da exención, incrementado no correspondente ás citadas operacións exentas.

2.º A persoa obrigada á liquidación e ingreso das cotas correspondentes á saída das áreas ou abandono dos réximes mencionados será o propietario dos bens nese momento, que terá a condición de suxeito pasivo e deberá presenta-la declaración-liquidación relativa ás operacións a que se refire o artigo 167, apartado un, desta lei.

O obrigado a ingresa-las cotas indicadas poderá deducilas de acordo co previsto na lei para os supostos recollidos no seu artigo 84, apartado un, número 2.º

Os empresarios ou profesionais non establecidos no territorio de aplicación do imposto que resulten ser suxeitos pasivos del, de acordo co disposto neste número, poderán deducilas cotas liquidadas por esta causa nas mesmas condicións e forma cós establecidos no dito territorio.

3.º Os titulares das áreas ou depósitos a que se refire este precepto serán responsables solidarios do pagamento da débeda tributaria que corresponda, segundo o disposto nos números anteriores deste apartado sexto, independentemente de que poidan actuar como representantes fiscais dos empresarios ou profesionais non establecidos no ámbito espacial do imposto. Para estes efectos, os titulares das áreas ou depósitos deberán esixir da persoa obrigada á liquidación e ingreso das cotas correspondentes á saída das áreas ou abandono de réximes, antes de que se efectúe a dita saída ou abandono, que acredite suficientemente ter realizado a citada liquidación e, se é o caso, o ingreso das cotas correspondentes na Administración tributaria competente.»

Nove. Modifícase o parágrafo terceiro do número 2.º do apartado dous do artigo 104 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado como segue:

«Para efectos do disposto nos parágrafos anteriores non se tomarán en conta as subvencións que non integren a base imponible, de acordo co

disposto no artigo 78, apartado dous, número 3.º, desta lei, financiadas con cargo ó FEOGA, nin as percibidas polos centros especiais de emprego regulados pola Lei 13/1988, do 7 de abril, cando se cumpran os requisitos establecidos no apartado 2 do seu artigo 43.»

Dez. Modifícase o artigo 91.dous.1.2.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«2.º Os libros, xornais e revistas que non conteñan única ou fundamentalmente publicidade, así como os elementos complementarios que se entreguen conxuntamente con estes bens mediante prezo único.

Comprenderanse neste número as execucións de obra que teñan como resultado inmediato a obtención dun libro, xornal ou revista en prego ou en continuo, dun fotolito dos ditos bens ou que consistan na encadernación deles.

Para estes efectos terán a consideración de elementos complementarios as cintas magnetofónicas, discos, videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares que constitúan unha unidade funcional co libro, xornal ou revista, perfeccionando ou completando o seu contido e que se vendan con eles, coas seguintes excepcións:

a) Os discos e cintas magnetofónicas que conteñan exclusivamente obras musicais e cun valor de mercado que sexa superior ó do libro, xornal ou revista co que se entreguen conxuntamente.

b) Os videocasetes e outros soportes sonoros ou videomagnéticos similares que conteñan películas cinematográficas, programas ou series de televisión de ficción o musicais e cun valor de mercado superior ó do libro, xornal ou revista co que se entreguen conxuntamente.

c) Os produtos informáticos gravados por calquera medio nos soportes indicados nas letras anteriores, cando conteñan principalmente programas ou aplicacións que se comercialicen de forma independente no mercado.

Entenderase que os libros, xornais e revistas conteñen fundamentalmente publicidade cando máis do 75 por 100 dos ingresos que lle proporcionen ó seu editor se obteñan por este concepto.

Consideraranse comprendidos neste número os álbums, as partituras, os mapas, os cadernos de debuxo e os obxectos que, polas súas características, só poidan utilizarse como material escolar, excepto os artigos e aparellos electrónicos.»

Once. Modifícase o artigo 124 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, que queda redactado da seguinte forma:

«Artigo 124. *Ámbito subxectivo de aplicación.*

Un. O réxime especial da agricultura, gandería e pesca será de aplicación ós titulares de explotacións agrícolas, forestais, gandeiras ou pesqueiras nos que concorran os requisitos sinalados neste capítulo, sempre que non renunciaren a el.

A renuncia ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca producirá efectos en tanto no sexa revogada polo interesado e, en todo caso, durante un período mínimo de tres anos.

Dous. Quedarán excluídos do réxime especial da agricultura, gandería e pesca:

1.º As sociedades mercantís.

2.º As sociedades cooperativas e as sociedades agrarias de transformación.

3.º Os suxeitos pasivos cun volume de operacións que durante o ano inmediatamente anterior excedese do importe que se determine regulamentariamente.

4.º Os suxeitos pasivos que renunciaren á aplicación do réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas por calquera das súas actividades económicas.

5.º Os suxeitos pasivos que renunciaren á aplicación do réxime simplificado.

Tres. Os suxeitos pasivos que quedasen excluídos deste réxime especial por teren superado o límite do volume de operacións previsto no número 3.º do apartado dous anterior e non superen o dito límite en anos sucesivos, quedarán sometidos ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca, salvo que renunciaren a el.»

Disposición adicional única. *Reembolso do imposto sobre o valor engadido en importacións de bens mediante axentes de alfándegas.*

Para efectos do imposto sobre o valor engadido nas importacións de bens realizadas mediante axentes de alfándegas que fixesen efectivo o pagamento do dito imposto por conta do importador aplicaranse as seguintes regras:

1.ª O documento xustificativo do dereito á dedución das cotas satisfeitas á importación será o documento acreditativo do pagamento do imposto no que conste o recoñemento do axente de alfándegas de ter obtido do seu cliente o reembolso do tributo.

O axente de alfándegas terá dereito de retención do documento a que se refire esta regra ata obter o reembolso do imposto.

2.ª Se transcorrido un ano desde o nacemento do dereito á dedución o importador que teña dereito á dedución total do imposto devengado pola importación non reembolsou a cota satisfeita con ocasión da dita importación polo axente de alfándegas, este poderá solicitar da alfándega a súa devolución, no prazo dos tres meses seguintes e nas condicións e cos requisitos que determinen regulamentariamente.

O axente de alfándegas deberá xuntarlle á solicitude de devolución o documento acreditativo do pagamento do imposto, que quedará inutilizado para os efectos do exercicio do dereito á dedución ou devolución.

3.ª Nos casos a que se refire a regra 2.ª anterior non serán de aplicación os supostos de responsabilidade previstos no número 3.º do apartado dous e no apartado tres do artigo 87 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

Disposición transitoria primeira. *Vehículos asimilados ós de turismo.*

O Goberno dictará as disposicións pertinentes para adapta-lo disposto no apartado seis do artigo único da presente lei ás categorías tarifarias das empresas concesionarias das autoestradas de peaxe. Ata que non entren en vigor as expresadas disposicións administrativas, os vehículos lixeiros de dous eixes e catro rodas asimiláranse a vehículos de turismo sempre que non transporten mercadorías.

Disposición transitoria segunda. *Devengo do imposto nos servizos de telecomunicación.*

Nos servizos de telecomunicación que tiveren que prestarse a partir da data de entrada en vigor do Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto, e polos que se percibisen cobramentos con anterioridade á dita data, o imposto sobre o valor engadido e o imposto sobre

a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla correspondentes a tales cobramentos devengaránse o día da entrada en vigor do citado real decreto-lei.

O disposto no parágrafo anterior aplicarase unicamente en relación con aqueles servizos que non estando suxeitos ós impostos citados, de acordo coa normativa vixente ata o día de entrada en vigor do Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto, estean suxeitos a un deles desde a data indicada.

As rectificacións a que dese lugar a presente disposición transitoria deberán incorporarse na declaración-liquidación correspondente ó período durante o cal entre en vigor o Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto, ou nas dos seguintes, ata o 31 de decembro de 1997.

Disposición transitoria terceira. *Repercusión e ingreso do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a produción, os servizos e a importación nas cidades de Ceuta e Melilla nas operacións realizadas por empresas de telecomunicación.*

1. A rectificación das cotas repercutidas orixinada pola aplicación do Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto, sexa cal for a condición do destinatario, poderá constar nas facturas ou documentos equivalentes correspondentes ós períodos seguintes ata o 31 de decembro de 1997.

2. As cotas dos impostos indicados, devengadas durante 1997, que deban ser repercutidas e ingresarse por empresas non establecidas na Comunidade Europea, de acordo coas novas regras previstas para os servizos de telecomunicación, poderán incluírse en calquera das declaracións-liquidacións correspondentes ós períodos de liquidación mensuais ou trimestrais que sexan de aplicación ata o 31 de decembro de 1997.

Disposición transitoria cuarta. *Efectos da renuncia ó réxime de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas e ó réxime simplificado no imposto sobre o valor engadido en relación co réxime especial da agricultura deste último imposto e do imposto xeral indirecto canario.*

Para o ano 1998, a renuncia ó réxime de estimación obxectiva do imposto sobre a renda das persoas físicas ou ó réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido no suporá a renuncia nin a exclusión ó réxime especial da agricultura, gandería e pesca do imposto sobre o valor engadido nin a renuncia ou exclusión ó réxime especial da agricultura e gandería do Imposto xeral indirecto canario.

Disposición transitoria quinta. *Aplicación da modificación introducida no artigo 91.dous.1.2.da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.*

O texto do número 2. do apartado dous.1 do artigo 91 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, na redacción dada pola presente lei, aplicarase desde o día 1 de abril de 1998.

Disposición derogatoria única.

1. Derrógase a disposición transitoria décimo primeira da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, tributando polo dito imposto todos os transportes de viaxeiros e as súas equipaxes ó tipo impositivo reducido ó 7 por 100 desde a data de entrada en vigor do Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto.

2. A partir da entrada en vigor da presente lei quedará igualmente derogado o Real Decreto-lei 14/1997, do 29 de agosto.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 21 de abril de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

9478 LEI 10/1998, do 21 de abril, de residuos. («BOE» 96, de 22-4-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen.
Que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva Comunitaria 91/156/CEE, do Consello, do 18 de marzo de 1991, pola que se modifica a Directiva 75/442/CEE, do Consello, do 15 de xullo de 1975, significou a asunción pola Unión Europea da concepción moderna da política de residuos, que consiste en abandonar-la clasificación en dúas únicas modalidades (xeral e perigosos) e establecer unha norma común para todos eles, que poderá ser completada cunha regulación específica para determinadas categorías de residuos.

A adecuación do noso dereito a este cambio sería xa razón suficiente para promulgar esta lei. Preténdese, sen embargo, contribuír tamén a protexe-lo ambiente coordinando a política de residuos coas políticas económica, industrial e territorial, co obxecto de incentivar-la súa redución en orixe e darlle prioridade á reutilización, reciclaxe e valorización dos residuos sobre outras técnicas de xestión.

Esta lei é aplicable a todo tipo de residuos, con excepción das emisións á atmosfera, os residuos radioactivos e os vertidos ás augas. Respecto dos residuos mineiros, a eliminación de animais mortos e outros desperdicios de orixe animal, os residuos producidos nas explotacións agrícolas e gandeiras que non sexan perigosos e se utilicen exclusivamente no marco das ditas explotacións e os explosivos desclasificados, a lei só será de aplicación nos aspectos non regulados expresamente pola súa normativa específica.

Seguindo o criterio da normativa comunitaria, como complemento desta regulación de carácter xeral poderanse dictar, posteriormente, normas para os diferentes tipos de residuos, coa finalidade de establecer disposicións particulares sobre a súa produción ou xestión.

En canto ó exercicio efectivo das competencias sobre residuos, a lei respecta o reparto constitucional entre o Estado e as comunidades autónomas, ó tempo que garante as competencias que exercían tradicionalmente as entidades locais en materia de residuos sólidos urbanos.

A lei prevé a elaboración de plans nacionais de residuos, que resultarán da integración dos respectivos plans autonómicos de xestión, e admite a posibilidade de que as entidades locais poidan elabora-los seus propios plans de xestión de residuos urbanos.

Por outra parte, a lei non se limita a regula-los residuos unha vez xerados, senón que tamén os recolle na fase previa á súa xeración, regulando as actividades dos pro-

ductores, importadores e adquirentes intracomunitarios e, en xeral, as de calquera persoa que poña no mercado produtos xeradores de residuos. Coa finalidade de lograr unha estricta aplicación do principio de «quen contamina paga», a lei fai recaer sobre o ben mesmo, no momento da súa posta no mercado, os custos da xestión adecuada dos residuos que xera o dito ben e os seus accesorios, tales como o envase ou embalaxe. Con isto, ademais, acomódase o desenvolvemento económico de España ós principios proclamados na Declaración de Río de Xaneiro sobre Ambiente e o Desenvolvemento e a Axenda 21, asinados por España na Conferencia Internacional de Río de Xaneiro de 1992 e ós principios da política comunitaria de ambiente, tal como figuran recollidos no artigo 130.R do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, tralas modificacións introducidas polo Tratado da Unión Europea.

Debe destacarse, así mesmo, o fomento da colaboración entre a Administración e os responsables da posta no mercado de produtos que co seu uso se transforman en residuos, mediante a creación dun marco xurídico adecuado, coa suficiente operatividade, para a subscripción de acordos voluntarios e de convenios de colaboración.

Con carácter xeral, establécese o réxime ó que terá que adecuarse a produción, a posesión e a xestión de residuos, manténdose un mínimo nivel de intervencionismo administrativo nos supostos de eliminación e valorización dos residuos dentro do propio proceso productivo, cando iso lle permita ó xestor beneficiarse das medidas de incentivación de mercados de valorización.

A lei regula tamén a forma en que as entidades locais terán que face-la recolla dos residuos urbanos, o traslado interno e externo dos residuos dentro da marxe de limitación de movementos que lles permite ós estados membros da Unión Europea o Regulamento 259/93, do Consello, do 1 de febreiro de 1993, relativo á vixilancia e control dos traslados de residuos no interior e á entrada e saída da Comunidade Europea, tomándose como básico o principio de proximidade, e regulándose tamén os supostos nos que as comunidades autónomas poden limita-lo seu movemento dentro do territorio nacional.

Para a consecución dos obxectivos de redución, reutilización, reciclaxe e valorización, así como para promover-las tecnoloxías menos contaminantes na eliminación de residuos, a lei prevé que as administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poidan establecer instrumentos de carácter económico e medidas de incentivación.

Así mesmo, díctanse normas sobre a declaración de solos contaminados e regúlase a responsabilidade administrativa derivada do incumprimento do establecido nesta lei, tipificándose tanto as condutas que constitúen infracción como as sancións que procede impoñer como consecuencia diso, que poden chegar ata un máximo de 200.000.000 de pesetas, no suposto de infraccións moi graves.

Por outra parte, cómpre destacar que algunhas das obrigas que esta lei impón ás entidades locais en materia de residuos, supoñen unha modificación do réxime xeral establecido na Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local.

Así, atribúeselles de forma xenérica ás entidades locais, como servizo obrigatorio, a recolla, o transporte e a eliminación dos residuos urbanos, mentres que na actualidade só existe esta obriga para municipios de máis de 5.000 habitantes. Igualmente, obrígase os municipios de máis de 5.000 habitantes a implantaren sistemas de recolla selectiva de residuos, a partir do ano 2001, o que tampouco está recollido no artigo 26.2.b) da Lei 7/1985.

Na articulación da presente lei conflúen unha pluralidade de títulos competenciais do Estado, entre os